

Enrico Torre (ed.) (2022): *El mapa lingüístico del noroccidente ibérico: contacto, variación y cambio*. Múnich: LINCOM GmbH. 190 pp. ISBN 978-3-96939-103-7

Neste libro, editado por Enrico Torre, recompílanse traballos sobre as linguas que forman parte do noroccidente ibérico. O libro xorde como produto da sesión *Aspectos Filolóxicos y Sociolingüísticos del Noroeste Ibérico*. Consta dun prefacio e de 9 capítulos, nos que se tratan aspectos sociolingüísticos, fonolóxicos, morfosintácticos e léxicos das variedades minorizadas dos sistemas galegoportugués e asturleonés. Contén exemplos tanto de traballos diacrónicos coma sincrónicos, que teñen en común a especial atención que prestan ao contexto de contacto lingüístico na análise.

No capítulo 1, Xavier Frías Conde presenta a situación sociolingüística das variedades do noroeste da península ibérica. O autor fala da existencia de tres diasistemas: o galegoportugués, o asturleonés e o castelán; dos cales o castelán é o único que non está ameazado. Analiza se existe consciencia lingüística ou identificación inconsciente coa comunidade lingüística por parte dos falantes das variedades minorizadas. Trátanse no capítulo aspectos coma o status legal das linguas, a estandarización, a entidade como linguas independentes das variedades que forman parte dun mesmo diasistema e o peso das decisións políticas nas actitudes dos falantes que as usan. O traballo conclúe poñendo énfase na necesidade de implantar políticas lingüísticas nestes territorios que teñan en conta, ademais de intereses políticos, criterios filolóxicos.

Borja Alonso Pascua, no capítulo 2, utiliza datos do *Corpus Oral y Sonoro del Español Rural (COSER)* para estudar os pretéritos verbais no castelán en contacto co galego. O obxectivo do autor é determinar que factores favorecen a aparición de formas compostas nesta variedade e observar se a construción «ter» + participio posúe valores do perfecto e compite coa forma «haber» + participio. O 79,20% das 399 formas verbais que analiza correspóndense co pasado simple. En canto á aparición de formas compostas, os contextos da categoría temporal de pasado irrelevante favorecen a aparición de formas con «ter» e «haber», hipótese xa apuntada noutras investigacións. Alonso Pascua considera, a partir dunha análise cualitativa, que poden explicar a escolla de «ter» ou «haber» a noción de homoxeneidade incremental ou segmental. Deste xeito, formas como «he cantado» adoitan estar vinculadas con eventos continuos, fronte a outras como «tengo cantado» que expresan en xeral reiteración de microeventos. O autor propón contrastar os resultados deste traballo con datos sobre a distribución destas formas en galego.

No capítulo 3, Javier Rivas e Esther L. Brown estudan distintos factores relacionados coa probabilidade de que aparezan formas de infinitivo flexionado en galego. Utilizan a metodoloxía variacionista para analizar 501 cláusulas adverbiais, do corpus *CORILGA*, encabezadas por «ao», «antes de», «para», «por» e «sen». Na análise teñen en conta a clase sintáctica dos verbos, a frecuencia textual e o tipo de cláusula adverbial. Observan tamén factores que resultaron significativos en traballos anteriores.

Condicionan a aparición de formas de infinitivo flexionado o cambio de referencia, a clase sintáctica do verbo e o tipo de cláusula adverbial –as introducidas por «ao» favorecen a flexión–. En canto á clase sintáctica, esta plasma a alternancia de maneira máis exacta ca o *Aktionsart*. Explicase que é máis probable que se flexione o infinitivo con verbos inacusativos ca con verbos inergativos ou transitivos. Os autores consideran que o feito de que os verbos inacusativos teñan un suxeito non axentivo, e polo tanto recuperable con máis dificultade, podería explicar que favorezan a aparición de formas flexionadas do infinitivo. A frecuencia non resultou significativa na análise estatística neste traballo, mais os autores propoñen unha nova medida de frecuencia que podería poñerse a proba en investigacións futuras.

No capítulo 4, Alba Agüete Cajiao realiza unha revisión dos traballos existentes sobre o vocalismo tónico e o vocalismo átono final en galego. Presenta a descrición clásica do vocalismo galego, con 7 unidades en posición tónica e 3 no vocalismo final átono e contrástaa con distintas análises acústicas realizadas con informantes con perfís diferentes.

A autora propón, a partir de datos de produción de falantes monolingües de galego, a existencia de dous modelos de vocalismo tónico, un conservador con 7 vogais tónicas e un innovador semellante ao do español estándar. O vocalismo conservador é o característico dos falantes rurais, aínda que existen falantes rurais que presentan o modelo innovador. En canto ao vocalismo átono final, en distintos traballos obsérvase un vocalismo reducido independentemente das características dos estudantes. Agüete Cajiao considera que, aínda que o vocalismo con 5 unidades é característico das áreas urbanas, e pode estar favorecido polo contacto co español, é necesario ter en conta outros factores internos da lingua, xa que unha inestabilidade semellante prodúcese tamén noutras linguas romances.

Matthew J. Burner, no capítulo 5, estuda pares de substantivos inanimados que presentan diferenzas no significado segundo o xénero en castelán e en asturiano. O autor clasifica os pares segundo se estes implican un cambio de tamaño, un cambio de forma, unha relación espacial ou unha relación árbore/froito. Desde o marco da morfoloxía distribucional explora a relación entre vogal temática, xénero e raíz. Escolle exemplos do *Diccionariu de la Llingua*

Asturiana e pon en relación estes pares coa vogal temática dos substantivos. Explica que a principal diferenza entre o comportamento do asturiano e o do castelán é que o asturiano presenta as terminacións *-u* e *-o* en contextos nos que o castelán ten só *-o*.

No capítulo 6, Miguel Rodríguez Monteavaro analiza, a partir de datos propios de entrevistas orais, a presenza do neutro de materia en 18 puntos da zona centro-occidental de Asturias. Estuda a presenza do morfema *-o* como marca de neutro en sete contextos sintácticos diferentes, para coñecer máis sobre este fenómeno relacionado coa falta de concordancia esperable no asturleonés. Aínda que existen traballos previos sobre o neutro de materia, a maioría foron realizados desde o punto de vista da gramática normativa asturiana e non estudan todas as áreas lingüísticas do asturiano por igual. O autor selecciona localidades fronteirizas entre os bloques occidental e central do asturleonés e realiza unha análise dos datos mediante isoglosas, mais tamén emprega distintas ferramentas de análise dialectométrica.

Chega á conclusión de que existe unha fronteira entre dous bloques: un central ou centrooriental, onde o neutro é posible na maioría de posicións, e un macrodialecto occidental do asturleonés, no que non se dá o uso do morfema de neutro. Tamén localiza unha zona de transición onde é posible empregalo nalgúns posicións sintácticas. O autor conclúe poñendo énfase na necesidade de estudar zonas pouco exploradas e áreas lingüísticas minoritarias e minorizadas, porque a pesar da perda de falantes seguen existindo nelas datos analizables.

Alberto Gómez Bautista, no capítulo 7, describe as características do verbo mirandés. No traballo ten en conta o contacto co portugués e co castelán e, aínda que se centra en detallar os trazos diferenciais, realiza unha descrición completa que inclúe táboas de conxugacións con exemplos de verbos regulares, defectivos e irregulares. O verbo mirandés ten infinitivo flexionado, igual ca o galego e o portugués. É a única variedade asturleonés que posúe este trazo, e o autor explica que é unha forma en uso e con vitalidade. Ademais, posúe tempos compostos coma o portugués e o castelán, que poden utilizarse indistintamente con *haber* ou *ter* como auxiliares. Comparte tamén algunhas formas irregulares con verbos asturleonés («ye», «puode»). En canto aos trazos non compartidos do verbo, que reforzan a identidade do mirandés fronte ás outras linguas próximas, destacan o mantemento de /d/ no morfema de número e persoa da P5 en formas esdrúxulas, pero non nas graves («falábades», «falais»), e o feito de que a P4 e P5 do presente de subxuntivo son rizotónicas en case todos os verbos («têngades»).

José Luis Herrero Ingelmo, no capítulo 8, analiza documentos da catedral de Salamanca dos séculos XII e XIII para investigar a extensión de 6 palabras relacionadas co ámbito dos nomes do terreo. O autor pretende reforzar a idea de que o leonés tivo unha identidade marcada ata que comezou a ser desprazado polo castelán a partir do século XIII. Traballa con textos dos *Documentos de los Archivos catedralicio y diocesano de Salamanca*, que con frecuencia intercalan o latín con frases en castelán. Aínda que describe brevemente algúns trazos diferenciais dos textos, a análise céntrase nos nomes de terreo. Para as 6 palabras seleccionadas, estuda a presenza destas tanto nos textos coma na toponimia. Ademais, nos casos nos que observa a desaparición das formas en textos máis recentes, Herrero Ingelmo propón distintas hipóteses que poderían explicar a diminución do uso destas palabras.

No capítulo 9, Alejandro Junquera Martínez estuda unha selección de voces de documentos notariais do século XVII de territorios do antigo reino de León. Analiza os exemplos das palabras que escolle no corpus *CorLexIn* e contrástaos coa información que hai sobre elas noutros corpus e dicionarios. O traballo con documentación notarial permítelle traballar con léxico relacionado coa vida cotiá, menos frecuente noutros corpus. Algunhas destas voces, as relacionadas con realidades tradicionais, tiveron continuidade no tempo ata a actualidade. O autor chega á conclusión de que voces recollidas no dicionario da RAE como non marcadas xeograficamente son voces asturleonésas ou occidentais. Ademais, propón a necesidade da marcación xeográfica destas voces para resaltar a contribución do leonés ao léxico do español.

Nos 9 capítulos do volume editado por Enrico Torre fanse achegas, desde distintas perspectivas, ao estudo de aspectos lingüísticos das variedades minorizadas do noroeste da península. Aínda que as investigacións que se recollen no libro teñen como obxecto linguas diferentes, todas están nun contexto de contacto lingüístico con linguas de Estado, e gardan semellanzas desde o punto de vista sociolingüístico. O volume contén, entre outros, traballos de interese para o estudo do cambio lingüístico, investigacións de natureza descritiva que detallan aspectos do funcionamento dos sistemas lingüísticos e análises que botan man de ferramentas estatísticas para poñer a proba as hipóteses que formulan.

Clara Lago Caamaño
 Instituto da Lingua Galega – Universidade de Santiago de Compostela
claralago.caamano@usc.es